

Exercicio 3.

Texto sobre a crise do século XVII.

SOCIEDADES NO TEMPO: REFLEXIÓN CRÍTICA DE FONTES DE INFORMACIÓN.

Ante as dubidasas perspectivas laborais, vostede decide comezar unha aventura como creador de contido dixital. Sen embargo, ante a súa descoordinación á hora de bailar e ao seu escaso dominio dos videoxogos, a posibilidade de falar dos seus intereses parece mellor opción. Decide probar facendo vídeos breves sobre Historia, pero precisa buscar información previamente, polo que comeza a ler textos dunha páxina cooperativa na que outros alumnos de Bacharelato suben os seus resumos. Como un dos seus primeiros vídeos tratará os períodos de crise na historia de España, deberá revisar e corrixir este documento acerca da Unión de Armas.

TEXTO PARA REVISAR:

“O conde-duque de Olivares, valido de Felipe II, buscaba unha contribución proporcional de todos os territorios da Monarquía Hispánica para a defensa dos intereses hexemónicos en Europa, algo que, ata ese momento, só realizara a Coroa de Aragón, debido aos seus intereses comerciais no Mediterráneo.

A Unión de Armas ideada por Olivares tratábase dun exército duns 140.000 homes, reclutado e mantido por cada reino en función dos seus recursos demográficos e económicos. Aínda que este proxecto viuse favorecido pola expansión económica do primeiro terzo do século XVII, atopouse coa resistencia dos dintintos territorios con foros e provilexios existentes na Monarquía Hispánica. Ademáis, dábanse dúas circunstancias que dificultaban a súa realización: que as necesidades financeiras da coroa eran acuciantes e que as tropas que se atopaban ocupadas nas guerras non eran unha ameaza para os territorios que se opoñían á medida.

Ante esta situación, Castela solicitou que as súas Cortes deliberaran sobre a súa contribución á Unión de Armas, e tras moitas presións, o rei aceptou que este reino, xa de por si privilexiado, quedase ao marxe da Unión de Armas”.

RESPONDA ESTES TRES APARTADOS:

1. Identifique as informacións erróneas.
2. Explique os erros detectados.
3. Proceda á súa redacción correcta.